



## A ÁREA SANITARIA DE VIGO IMPLANTARÁ ENERXÍAS RENOVABLES EN 4 CENTROS DE SAÚDE

- *O Sergas acaba de contratar as obras de actuación para dotar de caldeiras de biomasa e de sistemas de aerotermia aos centros de saúde de Coia, Teis, Cangas e Mondariz*
- *Trátase de introducir enerxías renovables para consolidar unha sanidade pública máis sustentable*
- *As actuacións parten dunha colaboración co Instituto Enerxético de Galicia e alíñanse coa Estratexia de Economía Circular*

**Vigo, 1 de febreiro de 2024.** A Xunta de Galicia acaba de publicar no seu portal de transparencia a adxudicación da implantación de enerxías renovables por un importe de 501.751 euros en catro centros de saúde da Área Sanitaria de Vigo.

En concreto, adxudicouse á empresa *Elecnor Servicios y Proyectos S.A.U.* as actuacións nos centros de saúde de Teis e Mondariz. En Teis, o importe da adxudicación foi de 154.207 euros, co obxecto de achegar enerxía térmica mediante biomasa; e en Mondariz investiranse 96.000 euros na dotación dunha caldeira de biomasa.

Ademais, a empresa Esqueiro resultou a adxudicataria das obras a realizar nos centros de saúde de Coia e Cangas. En Coia, o importe de adxudicación foi de 129.544 euros para poñer en marcha un sistema de aerotermia; e en Cangas foi 122.000 euros para dotar ao centro de caldeiras de biomasa.

En xeral, en Galicia investiranse 1,5 millóns de euros para introducir enerxías renovables en 14 centros de saúde.

### **Unha sanidade pública máis sustentable**

Este contrato materialízase a través dun acordo entre o Sergas e o INEGA, dependente da Consellería de Economía, Industria e Innovación, que promove a través da Axenda Enerxética Galicia 2030 a integración de enerxías renovables en edificios públicos e facilita o seu cofinanciamento polo programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Pola súa banda, o Sergas aprobou en xuño a súa Estratexia de Economía Circular coa minimización do consumo de combustibles fósiles como unha das liñas do seu primeiro eixo. Deste xeito, estes contratos corresponden a unha aposta clara do Goberno galego polas enerxías renovables e pola economía circular, na que se implican distintos departamentos da Xunta e na que se integra tamén a sanidade pública galega.